

GRAO INICIAL

CARREIRA PROFESIONAL

PROMOCIÓN DE RESIDENTES

2023 - 2024 - 2025

Desde CCOO informamos ao persoal residente das promocións que remataron en 2023, 2024 e 2025 da situación que consideramos **inxusta e moi prexudicial** en relación coa Carreira Profesional.

En setembro de 2025 CCOO presenta unha solicitude á **Comisión de Seguemento da Carreira Profesional** (integrada polo SERGAS, CIG, CSIF, UGT, SATSE e CESM) solicitando que o persoal que pide o Grao Inicial durante a Residencia (no último ou penúltimo ano) non teña que volver a solicitalo ao comezar a traballar como especialista.

En decembro de 2025, ante a falta de resposta e de solución, CCOO presentou novamente unha reclamación, advertindo de que **xa hai 3 promocións de residentes prexudicadas**.

A obriga de solicitalo dúas veces supón a perda de tempo de permanencia, xa que habería que facelo o primeiro día do primeiro contrato, senón xa se perde o tempo que se tarda en facer a nova solicitude do grao inicial, co cal tárdase máis en chegar ao Grao I.

CCOO esixe a eliminación da dobre obrigación na solicitude do grao inicial: durante a residencia e novamente ao traballar como especialista.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO